



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases reguladoras das subvencións a entidades prestadoras de servizos sociais do Concello de Carballo 2025

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 8 de setembro de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobación das bases da convocatoria de subvencións que se transcriben a continuación

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARBALLO 2025

LIÑAS XERAIS

O Concello de Carballo reconece as funcións das entidades sociais como elemento fundamental na formación integral e mellora da calidade de vida da nosa veciñanza.

Consecuentemente é necesario destinar recursos económicos ás entidades sen fin de lucro para a realización de actividades actividades que melloran a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

NORMATIVA APLICABLE

A concesión de subvencións regularase polo contido das presentes bases e, para o non disposto nas mesmas, rexirán as normas establecidas en:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvencións,
- Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións,
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2025
- Ordenanza Municipal de Subvencións.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria pública ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrência para fomentar as actividades que no eido dos servizos sociais promovan asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o Concello de Carballo, contribuíndo á consecución de actuacións que de xeito prioritario se dirixan á poboación máis desfavorecida.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria:

a.- As asociacións e entidades xuridicamente constituídas sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio social en Carballo, realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

b.- As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, xuridicamente constituídas, aínda que non estean domiciliadas en Carballo, realicen actividades de interese municipal dentro do Concello ou en beneficio deste, e se atopen debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións e no Rexistro de Entidades Prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia

Non poderán ser destinatarias de subvencións:

- Aquelas entidades que non se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social.
- Actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.
- Aquelas entidades que teñan pendente de xustificar alguna subvención ou axuda económica co Concello de Carballo en exercicios anteriores (art.2.1b *Ordenanza Xeral de Subvencións* do Concello de Carballo).

3.- PROGRAMAS SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de subvención as accións de servizos sociais puntuais ou anuais dirixidas a:

- Comunidade.
- Familia, infancia e mocidade.
- Discapacidade.
- Vellez.
- Muller.
- Conductas adictivas
- Minorías étnicas.
- Problemáticas de exclusión social.
- As dirixidas a accións de carácter formativo ou asistencial.

4.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables os que de maneira indubidable respondan á natureza do programa/ actividade subvencionada que se realicen no ano 2025 e que sexan efectivamente pagados antes do remate do período de xustificación. **Excepcionalmente, admitiranse os pagos dos impostos devengados no último trimestre do ano, pero cuxo pago deba realizarse no mes de xaneiro do exercicio seguinte, sempre que o gasto se refira ao período subvencionable.**

4.1 As axudas económicas concedidas poderán destinarse aos conceptos e/ou gastos correntes directamente relacionados coa realización do programa ou actividade que poden ser, entre outros:

- Retribucións e gastos de persoal relacionado coa actividade subvencionada.
- Gastos xerais de mantemento da entidade (aluguer de locais, suministros, etc). Estes gastos nunca poderán ser superiores ao 15% dos gastos directos da actividade ou programa.

Excepto para aquelas entidades que soliciten a axuda para contribuir aos gastos xerais de mantemento. Neste caso, os gastos non poderán exceder o 60%.

De superar esta porcentaxe, na valoración só se terá en conta o gasto ata dita porcentaxe.

- Gastos de seguros de accidentes ou responsabilidade civil a efectos da realización da actividade ou programa.

4.2 Non se considerarán gastos subvencionables:

- As actividades financiadas polo Concello de Carballo.
- Os gastos e pagos realizados fóra do prazo de xustificación ou de execución do programa ou actividade, (**a excepción dos pagos referidos no parágrafo primeiro desta base**).
- As inversión e obras de infraestrutura.
- As viaxes ou gastos derivados das mesmas e compra de agasallos.
- Así como calquera outro gasto que non teña relevancia no eido dos SS.SS.

5.- CRITERIOS DE CONCESIÓN, CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCÍONS

A puntuación máxima para cada solicitude será de 100 puntos. Sendo necesaria unha puntuación mínima de 30 puntos para que o proxecto sexa subvencionado.

A valoración de cada expediente de solicitude farase en función dos seguintes criterios:

– **En relación co proxecto: ata 50 puntos**

1. Relevancia social do problema: **máximo 10 puntos**

– moi relevante ou urxente: 10 puntos

– relevante pero sin urxencia: 5 puntos

– nada relevante: 0 puntos

2. Compatibilidade coas competencias municipais: **máximo 10 puntos**

– compatible: 10

– non compatible: 0

3. Número previsible beneficiarios: **máximo 15 puntos**

- +100 participantes: 15 puntos
- Entre 50 e 100 participantes: 10 puntos
- Entre 0 e 50 participantes: 5 puntos

4. Sostemento no tempo: **máximo 10 puntos**

- Programas ou actividades a curto prazo: 5 puntos
- Programas ou actividades a longo prazo: 10 puntos

5. Uso do galego na realización e difusión da actividade ou proxecto: **5 puntos**– **En relación coas características da entidade: ata 35 puntos**1. Especialidade da entidade en atención ao colectivo que se dirixe a actuación: **máximo 10 puntos**

- Especialización nesa área: 10 puntos
- Non especializados nesa área: 5 puntos

2. Antigüidade na Constitución da entidade: **máximo 15 puntos**

- De 1 a 5 anos de traxectoria: 5 puntos
- De 5 a 20 anos de traxectoria: 10 puntos
- + de 20 anos: 15 puntos

3. Estructura e capacidade de xestión: **máximo 10 puntos**

- Recursos Humanos propios: 5 puntos
- Medios materiais propios: 5 puntos

– **Participación social e voluntariado: 5 puntos**– **Número de mulleres nas entidade: máximo 5 puntos**

- Representación mínima do 33% de mulleres na Xunta directiva: 2.5puntos
- Representación mínima do 33% de mulleres no persoal vinculado coa actividade subvencionada: 2.5puntos.

– **Entidades inscritas no rexistro municipal de entidades: 5 puntos**

A fórmula para determinar a cuantía da subvención será:

A contía da subvención estará en función dos puntos obtidos.

A comisión de valoración outorgará a cada solicitude unha puntuación de acordo cos criterios establecidos.

Contía da subvención = Puntos obtidos na actividade ou proxecto x valor punto.

Cálculo do valor de cada punto:

Valor punto = Presuposto total (65.000€) / Total de puntos obtidos por todas a actividades ou proxectos.

A fórmula a aplicar sería:

$$\text{CMS} = \text{Valor punto} \times \text{puntos obtidos}$$

Por regra xeral a subvención municipal non superará o 70% do orzamento total do proxecto ou actividade(coeficiente de financiación 0.7) nen os 8.000,00 euros.

Se unha vez aplicada a fórmula e feito o reparto entre as entidades subvencionadas existise sobranse, esté repartirase segundo a fórmula adaptada:

$$\text{CMS2} = \text{Valor punto} \times \text{puntos obtidos}$$

Valor punto2 = Importe sobranse / Total de puntos obtidos por todas a actividades ou proxectos.

E así sucesivamente ata esgotar a cuantía asignada a esta convocatoria.

En ningún caso o importe da subvención será superior a contía solicitada.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total da actividade que se vai desenvolver.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.

6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para a concesión destas axudas dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual no eido dos servizos sociais, destinarase un importe de 65.000€ que se imputarán á aplicación 2310.48900 Subvención acción social a entidades” do Orzamento Xeral do Concello.

7.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

As asociacións, entidades ou interesados/as en obter subvención do Concello de Carballo, deberán solicitala mediante a presentación da documentación que se sinala a continuación:

a.- Instancia individualizada, en modelo normalizado, asinada polo/a peticionario/a ou no caso de persoas xurídicas, polo/a representante legal debidamente acreditada a representación.

b.- Fotocopia do Código de identificación fiscal (CIF), no caso de persoas xurídicas.

c.- Certificación da inscrición no Rexistro de Asociacións e de Entidades Prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia. As persoas xurídicas de fóra do Concello xuntarán os estatutos que rexen a entidade, así como certificación que acredite os cargos representativos e domicilio social.

d.- Os datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.

e.- Certificado do/a Secretario/a da entidade solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con concreción da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello de Carballo a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.

f.- Xustificación documental dos requisitos esixidos nas bases.

g.- Autorización para recadar datos da Axencia Tributaria e da Seguridade Social de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

h.- Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Carballo.

i.- Declaración do número de persoas beneficiarias directas ou/e indirectas da actividade solicitada.

j.- Proxecto explicativo e avaliado das accións que se pretenden realizar, con especificación entre outros de: data, lugar da celebración, responsable/s do desenvolvemento da acción, obxectivos e consideración de persoas beneficiarias.

k.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos e ingresos.

8.- PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Carballo (<https://sede.carballo.org/opencms/gl/>).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na sede citada.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende o seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da BDNS.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa enmenda. Pasado o dito prazo sen que o interesado atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición.

9.- AVALIACIÓN

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas Bases.

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrència competitiva e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da Comisión avaliadora correspondente. A dita comisión estará formada por:

-Presidenta: Concelleira delegada de Benestar.

-Vogais: Xefa de área do Departamento de Servizos Sociais e Traballadora Social do departamento e un/unha concelleiro/a delegado/a.

-Na Comisión avaliadora actuará como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

10.- RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES E NOTIFICACIÓN

Na resolución, no caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pagamento, programa afectado e condicións nas que se outorga.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

O acordo de concesión provisional notificaráse aos interesados mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Carballo(Praza do Concello S/N) na data seguinte a da aprobación polo órgano competente. Concederáse un prazo de 15 días naturais para presentar alegacións.

11.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DOS/AS PRECEPTORES/AS

A subvención entenderase aceptada polo/a solicitante se dentro do prazo de 15 días naturais seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas. No caso de producirse calquera alteración importante no orzamento ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ao Concello. No caso de imposibilidade de realizar a actividade poderán solicitar que se lles autorice un cambio no obxecto da subvención e o Concello poderá autorizar este e manter a subvención.

As entidades beneficiarias, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención realizadas polo Concello de Carballo, cos medios que considere oportunos e facilitará canta información sexa requirida.

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á redución da achega municipal de forma proporcional.

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo do programa ou actividade subvencionada, mención expresa do financiamento do Concello de Carballo.

Terá que incluírse o logotipo do Concello de Carballo, do mesmo tamaño, como mínimo, ao doutros posibles patrocinadores, cando a contribución económica non sexa superior á subvención concedida pola institución municipal.

No caso de que se realice, todo o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas...) estará redactado sempre en galego.

12.- XUSTIFICACIÓN E COBRO

Para poder percibir as subvencións concedidas de acordo coas prescricións destas bases, as entidades beneficiarias presentarán a documentación xustificativa no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de trinta (30) días seguintes á realización da actividade subvencionada e **antes do 15 de xaneiro de 2026**.

O orzamento a xustificar será o importe da subvención concedida dividida entre o coeficiente de financiamento fixado nas presentes bases (**0.7**).

A documentación xustificativa será a seguinte:

a.- Instancia subscrita polo/a presidente/a da entidade, asociación ou particular dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Carballo, na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude. Deberá acreditar a titularidade do/a asinante da instancia por medio de certificación do/a secretario/a da entidade, asociación, etc., ou calquera outro medio en que quede fidedignamente demostrada a titularidade do/a asinante.

b.- Memoria na que detalle a actividade realizada de conformidade coa achegada á instancia de solicitude de subvención e que conterá como mínimo os seguintes aspectos, temporalización da actividade, cuantificación e perfil dos destinatarios e resultados obtidos.

c.- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións que se atopen xustificadas,achegarase certificación da Administración que a concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos

d.- Relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.

e.- Facturas da actividade. O orzamento subvencionado a xustificar será o indicado na convocatoria específica e no acordo de concesión definitiva. Determinase a partir da propia solicitude co límite establecidos nas bases específicas.

No caso que a actividade sexa subvencionada con axudas de outras administración, a entidade,deberá presentar facturas polo importe total das axudas recibidas para o obxecto subvencionable.

f.- Declaración xurada que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.

g.- Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade subvencionada, e na que quede constancia da colaboración do Concello de Carballo.

h.- O abonamento da subvención materializarase mediante aboamento na conta bancaria sinalada por cada entidade.

i.- Se no momento do pago da axuda a entidade non estivese ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, informarse á entidade beneficiaria que non se procederá ao seu pagamento, agás que xustifique ter regularizado a súa situación.

13.- REQUISITOS DAS FACTURAS

As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

a.- Poden er orixinais ou fotocopias auténticas.

b.-Deberán cumprir os requisitos do At. 6 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro

c.- Estar datadas e pagadas no ano 2025.

d.- Conter o documento de identidade ou número de identificación fiscal do/a perceptor/a.

e.- Conter o selo de «pagado» ou presentar o xustificante de pago correspondente.

f.- Axustarse ao orzamento presentado ao formular a solicitude.

g.- Deberán especificar de forma detallada o número, concepto e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención.

h.- No caso de que existan gastos de persoal presentarase:

Relación Nominal de Traballadores (RNT) e o documento de **Relación de liquidación de cotizacións (RLC)**-Antigos TC2 e TC1 respectivamente.

e.-Documentos de ingreso na Axencia Tributaria das retencións practicadas en concepto de IRPF.

14.- RECURSOS

Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, as entidades poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o órgano correspondente no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da recepción da resolución polo/a solicitante, segundo dispón os artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben ser impugnados directamente ante a orde jurisdiccional contencioso administrativo.

15.- INCORPORACIÓN Ó REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

En cumprimento do disposto no artigo 18.2 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, o concello de Carballo remitirá á Base de datos nacional de subvencións información sobre a concesión das subvencións.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de sesenta mil euros (65.000,00 €) segundo o seguinte detalle:

Obxecto	Programa-Económica	Importe	RC(Nº Operación)
Convocatoria Subvencións entidades 2025	2310.48900	65.000,00 €	220250003788

TERCEIRO.- Aprobar o modelo de de solicitude

**MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
PARA BENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN PROXECTOS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS.
ANO 2025**

DATOS DA PERSOA E ENTIDADE SOLICITANTE:

D/Dª Con DNI

En calidade de ou cargo directivo da entidade

Denominación ou razón social

CIF: Domicilio social

Localidade: Provincia: Código Postal:

Teléfono: Correo electrónico:

Enderezo web: N.º de Rexistro de Asociación

EXPÓN QUE

Tendo coñecemento da Convocatoria de Subvencións do Concello de Carballo aprobada 2025.

1 DECLARA QUE

Coñece e acepta as bases da presente convocatoria.

SOLICITA

A participación na presente convocatoria, adxuntando con este fin o proxecto valaorado da actividade denominada:

Cun orzament total que ascende a : €

Carballo, de de 2025

Asdo.:

ASOCIACIÓN

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
20 DÍAS NATURAIS CONTADOS A PARTIR DO DÍA SEGUINTE Á PUBLICACIÓN DO EXTRACTO
DA CONVOCATORIA NO DIARIO OFICIAL DA PROVINCIA(BOP)

MEMORIA DA ACTIVIDADE / PROXECTO SUBVENCIONABLE
--

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:		
Denominación ou razón social:		
CIF:	Domicilio social:	
Localidade:	Provincia:	CódigoPostal:
Teléfono:	Enderezo electrónico:	
Enderezo web:		

DATOS DAPERSOA REPRESENTANTEDA ENTIDADE:	
Nome e apelidos:	DNI / NIF:
En calidade de :	Teléfono móbil:

NOME DA ACTIVIDADE / PROXECTO DA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN
1. NOME / TÍTULO:
2. FINALIDADE

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (Mínimo 3)**4. POBOACIÓN OBXECTIVA:****5. FUNCIÓNS (Descripción de todas as actividades / accións que compoñen o proxecto)****6. ESPAZOS ONDE SE REALIZARÁ O PROXECTO:****Tipo de local e / ou lugar:****Enderezo:**

7. DURACIÓN E DATAS DE REALIZACIÓN DO PROXECTO (Marcar cun X)

MESES	DÍAS DO MES			
	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana
XANEIRO				
FEBREIRO				
MARZO				
ABRIL				
MAIO				
XUÑO				
XULLO				
AGOSTO				
SETEMBRO				
OUTUBRO				
NOVEMBRO				
DECEMBRO				

• CÓMPUTO DO TEMPO DO PROXECTO

- NÚMERO DE HORAS POR SESIÓN DE ACTIVIDADE / ACTUACIÓN: ____horas / sesión.
- NÚMERO DE SESIÓNS DA ACTIVIDADE / ACTUACIÓN: sesións_____.
- NÚMERO DE HORAS TOTAIS DE DESENVOLVEMENTO (non se inclúe a xestión previa):
horas.

♦ FRECUENCIA DO PROXECTO (Marcar)

1. DIARIA / CONTINUADA
2. SEMANAL
3. OCASIONAL

10. NÚMERO DE PERSOAS PARTICIPANTES:**NÚMERO DE HOMES:****NÚMERO DE MULLERES:**

11. PERSOAL QUE REALIZARÁ O PROXECTO.

☐ MONITOR / A ou equivalente.	
• VOLUNTARIO/A, na calidade de	
• PERSOAL DA ENTIDADE, actuando como	
• OUTROS	

OBSERVACIÓNS:

12. MEDIOS MATERIAIS QUE SE UTILIZARÁN PARA O SEU DESENVOLVEMENTO:

13. MEDIDAS TRANSVERSAIS DE XÉNERO (mínimo 3)

14. AVALIACIÓN (PROTOCOLOS E INDICADORES DE XESTIÓN)

15. ORZAMENTO APROXIMADO DESGLOSADO POR CONCEPTOS (É IMPRESCINDIBLE ESPECIFICAR OS GASTOS E OS INGRESOS PREVISTOS)	
INGRESOS	
PROCEDENCIA	IMPORTE
Da propia asociación (do seu presuposto ordinario)	
Aportación dos participantes (cuotas, entradas,...)	
Deputación	
Xunta de Galicia	
CONCELLO DE CARBALLO (importe solicitado)	
OUTROS (especificar cales)	
-	
-	
-	
-	
-	
TOTAL INGRESOS	
GASTOS	
CONCEPTO	IMPORTE
1.0.1 TOTAL GASTOS	
16. CANTIDADE QUE ESTA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL SOLICITA SUBVENCIONAR:	
Indique o importe en euros.....€	

17. COLABORACIÓNS:

Se na organización da actividade colabora algunha outra Entidade e/ou Asociación, indicar cal:

18. OBSERVACIÓNS

RESUME APROXIMADO DO ORZAMENTO DO ANO 2025

INGRESOS TOTAIS		
SUBVENCIONs CONCELLO		
SUBVENCIONs DEPUTACION		
SUBVENCIONs XUNTA		
SUBVENCIONs DOUTRAS ENTIDADES		
INGRESOS POR PARTICIPACION EN ACTIVIDADES, CURSOS OU TALLERES		
CUOTAS DE SOCIOS		
OUTROS INGRESOS(especificar)		

GASTOS TOTAIS		
EN ACTIVIDADES		
GASTOS DE MANTEMENTO (aluguer, auga, luz...)		
INVERSIÓN (obras...)		
OUTROS GASTOS (especificar)		

NUMERO TOTAL DE SOCIAS/OS:

Carballo a de de 2025
Asdo:

OBRIGAS DAS ENTIDADES PERCEPTORAS

- **As entidades perceptoras das subvencións estarán obrigadas a:**
- **Presentar antes do 15 de xaneiro de 2026**, a xustificación da subvención con facturas correspondentes á actividade subvencionada, así como unha memoria das actividades realizadas e dos gastos e ingresos correspondentes.
- As facturas presentadas deberán ser por un importe igual ou superior á cantidade concedida e ser orixinais ou fotocopias compulsadas.
- Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención. No caso de producirse calquera alteración importante no presuposto ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ó concello. No caso de imposibilidade de realizar a actividade poderán solicitar que se lles autorice o cambio no obxeto da subvención e o concello poderá autorizar o mesmo e manter a subvención.
- Facer constar nos materiais de difusión e publicidade a colaboración do concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, no lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores.
- No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas...) estará redactada en galego.
- Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o concello.
- Estar o corrente nas súas obrigas fiscais.
- Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.

DOCUMENTACIÓN QUE HAY QUE PRESENTAR

PARA A SOLICITUDE DEBERÁN PRESENTAR:

- Instancia individualizada, en modelo normalizado, asinada polo/a peticionario/a ou no caso de persoas xurídicas, polo/a representante legal debidamente acreditada a representación.
- Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF), no caso de persoa xurídicas.
- Certificación da inscrición no Rexistro de Asociacións e de Entidades Prestadoras da Xunta de Galicia. As persoas de fóra do concello xuntarán os estatutos que rexen a entidade, así como certificación que acredite os cargos representativos e domicilio social.
- OS DATOS BANCARIOS DA CONTA Á QUE SE PODERÁ TRANSFERIR O IMPORTE DA SUBVENCIÓN DEBIDAMENTE CERTIFICADA POLA ENTIDADE BANCARIA, QUE DEBERÁ INCLUIR OBRIGATORIAMENTE A TITULARIDADE DA CONTA E O CÓDIGO IBAN CORRESPONDENTE
- Certificado do secretario da entidade solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas obtidas para a mesma finalidade, con concreción da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello de Carballo a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.
- Xustificación documental dos requisitos esixidos nas bases.
- Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Carballo.
- Declaración do número de beneficiarios directos ou/e indirectos da actividade solicitada.
- Proxecto explicativo e avaliado das accións que se pretenden realizar, con especificación entre outros de: data, lugar da celebración, responsable do desenvolvemento da acción, obxectivos e consideración de beneficiarios/as.
- Orzamento de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos e ingresos.

PARA A XUSTIFICACIÓN DEBERÁN PRESENTAR:

- Instancia subscrita polo/a presidente/a da entidade, asociación ou particular dirixida ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Carballo, na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude. Deberá acreditar a titularidade do/a asinante da instancia por medio de certificación do/a secretario/a da entidade, asociación, etc., ou calquera outro medio en que quede fidedignamente demostrada a titularidade do/a asinante.
- Memoria na que detalle a actividade realizada de conformidade coa achegada á instancia de solicitude e subvención e balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade.
- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
- Facturas da actividade, que se presentarán por un importe igual ou superior á cantidade a xustificar.
- Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade subvencionada.

- . **Certificado de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e coa Consellería de Facenda.**
- . **Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. No caso de concorrencia de subvencións que se atopen xustificadas, achegárase certificación da Administración que a concedeu, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos**
- . **Relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.**
- . **Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade subvencionada, e na que quede constancia da colaboración do Concello de Carballo.**

Carballo a 9 de setembro de 2025

O Alcalde

D. Evencio Ferrero Rodriguez

2025/5861